



**DOCUMENTO INTERNO DE PROCEDIMENTOS DE
CONTRATACIÓN DO FONDO GALEGO DE
COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE
(CONTRATOS NON SUXEITOS
A REGULACIÓN HARMONIZADA)**

ÍNDICE

1. Introducción e finalidade	<i>p. 2</i>
2. Réxime xurídico dos contratos do FGCS	<i>p. 2</i>
3. Principios da contratación pública do FGCS	<i>p. 3</i>
4. Obxecto	<i>p. 6</i>
5. Ámbito de aplicación: negocios e contratos incluídos e excluídos	<i>p. 6</i>
6. Tipos de contratos	<i>p. 6</i>
7. Configuración xeral da contratación do FGCS e elementos estruturais dos contratos.	<i>p. 7</i>
7.1. Necesidade e idoneidade do contrato	<i>p. 7</i>
7.2. Duración dos contratos	<i>p. 7</i>
7.3. Órganos de contratación	<i>p. 8</i>
7.4. Capacidade e aptitude para contratar co FGCS	<i>p. 9</i>
7.5. Obxecto, orzamento, base de licitación, valor estimado, prezo do contrato e a súa revisión	<i>p. 9</i>
7.6. Garantía	<i>p. 9</i>
8. Disposicións xerais da contratación do FGCS	<i>p. 10</i>
8.1. Expediente de contratación	<i>p. 10</i>
8.2 Pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas	<i>p. 11</i>
8.3 Procedementos de adxudicación	<i>p. 11</i>
a) Aberto simplificado	<i>p. 11</i>
b) Adxudicación directa	<i>p. 12</i>
c) Normas comúns a ambos os dous procedementos	<i>p. 13</i>
9. Control da contratación	<i>p. 15</i>

1. Introducción e finalidade

O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade (en adiante, FGCS) non é unha administración pública, pero ten o carácter de **poder adjudicador** para efectos da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en adiante, LCSP), por darse os requisitos previstos nas letras d) e e) do seu artigo 3.3:

- Entidades con personalidade xurídica propia distintas das expresadas nas letras anteriores (a. As administracións públicas, b. As fundacións públicas, c. As mutuas colaboradoras coa Seguridade Social) que sexan creadas especificamente para satisfacer necesidades de interese xeral que non teñan carácter industrial ou mercantil, sempre que un ou varios suxeitos que deban considerarse poder adjudicador de acordo cos criterios deste apartado 3, ben financien maioritariamente a súa actividade, ben controlen a súa xestión, ou ben nomeen a máis da metade dos membros do seu órgano de administración, dirección ou vixilancia.
- Asociacións constituídas polas entidades mencionadas nas letras anteriores.

En xeral, a LCSP achega así a contratación dos poderes adjudicadores que non teñan a condición de administracións públicas (en adiante, PANAP) ao réxime establecido polas administracións públicas, xa que os procedementos a levar a cabo serán os establecidos tamén para estas, pero suprime as instrucións internas de contratación, sendo substituídas no FGCS por este documento, que ten **carácter informativo, eficacia meramente interna** e é **descriptivo dos principais aspectos** en materia de a) contratación, b) adaptación á LCSP e c) procedementos.

Baixo este marco xeral e para estas finalidades se dá **redacción e difusión interna** no FGCS ao presente documento para o seu coñecemento interno e cumprimento xeral e **seguinte como estrutura xeral a estrutura da LCSP**.

2. Réxime xurídico dos contratos do FGCS

O FGCS debe aplicar as **normas previstas para os PANAP nos artigos 316 a 320 LCSP**.

Os efectos e extinción dos contratos celebrados polo FGCS rexeranse por normas de dereito privado, pero seralles aplicable o previsto nos seguintes artigos:

- 201 sobre obrigacións en materia ambiental, social ou laboral
- 202 sobre condicións especiais de execución
- 203 a 205 sobre supostos de modificación do contrato
- 214 a 217 sobre cesión e subcontratación
- 218 a 228 sobre racionalización técnica da contratación
- as condicións de pagamento establecidas nos apartados 4º do artigo 198, 4º do artigo 210 e 1º do artigo 243.

En canto ao seu control, unha novidade significativa da LCSP para os PANAP é que a **xurisdición competente** pasa ser a contencioso-administrativa en cuestións de preparación, adxudicación e modificacións contractuais, e a xurisdición contenciosa civil para as controversias suscitadas en canto aos efectos e extinción dos contratos.

En canto aos **procedementos**, e consonte co previsto no **artigo 318 LCSP**, na adxudicación de contratos non suxeitos a regulación harmonizada aplicaranse as seguintes disposicións:

- a) Os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, de concesións de obras e concesións de servizos, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de servizos e subministracións, poderán adxudicarse directamente a calquera licitadora con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación obxecto do contrato.
- b) Os contratos de obras, concesións de obras e concesións de servizos cuxo valor estimado sexa igual ou superior a 40.000 euros e inferior a 5.350.000 euros e os contratos de servizos e subministracións de valor estimado superior a 15.000 euros e inferior a 214.000 euros, poderanse adxudicar por calquera dos procedementos previstos na Sección 2ª do Capítulo I do Título I do Libro Segundo LCSP (artigos 131 e ss. LCSP), agás do procedemento negociado sen publicidade, que unicamente se poderá utilizar nos casos previstos no artigo 168 LCSP.

A maiores, o FGCS ten en conta á hora de elaborar este documento a **recomendación específica para contratos menores** proposta no Informe da Intervención Xeral da Administración do Estado relativo aos principais resultados de control en materia de contratación pública: conforme ao establecido na Instrución da OIRESCON (Resolución de 6 de marzo de 2019, da Oficina Independente de Regulación e Supervisión da Contratación, pola que se publica a Instrución 1/2019, de 28 de febreiro, sobre contratos menores, regulados na Lei 9/2017, de 8 de novembro), **adaptar os procedementos** do organismo, **incorporando estas instrucións aos manuais de procedemento** así como cuestións relacionadas, como a **selección entre diferentes ofertas** e a **determinación das situacións excepcionais para non solicitar tres ofertas**.

Por excepción, os **contratos que se formalicen e executen no estranxeiro** rexeranse polo previsto na **Disposición Adicional Primeira LCSP**, sen prexuízo de ter en conta os principios da LCSP para resolver as dúbidas e lagoas que, na súa aplicación, poidan presentarse.

3. Principios da contratación pública do FGCS

1. Como principios xerais para garantir unha axeitada política de cumprimento, tanto o persoal do FGCS como as licitadoras e adxudicatarias deben respectar os seguintes valores **éticos e principios**:

- **Principio de imparcialidade:** O FGCS manterá un criterio independente e alleo a todo interese particular.
- **Principio de obxectividade:** O FGCS recadará o máximo de información útil para cada contratación.

- **Principio de eficiencia no gasto:** A natureza e extensión das necesidades que o FGCS pretende cubrir mediante un contrato, e mais a idoneidade do seu obxecto e contido concreto, han ser determinadas con precisión, deixando constancia na documentación preparatoria antes de iniciar o procedemento de adxudicación.
 - **Principio de igualdade de trato e non discriminación:** Implica que as situacións comparables non reciban un trato diferente e que non se trate de maneira idéntica situacións diferentes. Preténdese favorecer o desenvolvemento dunha competencia sa e efectiva entre as licitadoras que participan nunha contratación pública. O FGCS debe velar para que todas as licitadoras dispoñan das mesmas oportunidades ao formular os termos das súas ofertas e que estas estean sometidas ás mesmas condicións.
 - **Principio de recoñecemento mutuo:** O FGCS recoñece e acepta a participación de todas as licitadoras que cumpran coas especificacións técnicas, xurídicas e administrativas exixibles e estas deberán ser consontes coa necesidade real, sen realizar unha restrición artificial da competencia.
 - **Principio de transparencia:** O FGCS entende por transparencia a claridade ou falta de ambigüidade, garantindo en beneficio de toda licitadora potencial unha publicidade axeitada que permita abrir á competencia o mercado e controlar a imparcialidade dos procedementos de adxudicación. En particular, debe velarse por que todas as condicións e modalidades do procedemento de licitación estean formuladas de forma clara, precisa e inequívoca no anuncio de licitación ou no prego de condicións. É pretensión, por unha banda, que todas as licitadoras razoablemente informadas e normalmente dilixentes poidan comprender o seu alcance exacto e interpretalas da mesma forma e, por outra banda, que como PANAP, o FGCS poida comprobar efectivamente que as ofertas presentadas responden aos criterios aplicables ao contrato de que se trate.
 - **Principio de integridade:** Refírese ás conductas e accións coherentes cunha serie de normas e principios morais ou éticos, adoptados por persoas e institucións, que operan como unha barreira contra a corrupción. Para o FGCS, supón tomar as medidas oportunas para previr calquera situación na que os membros do persoal ou dun provedor de servizos de contratación que actúe para ou en nome do FGCS, que participen no desenvolvemento do procedemento de contratación ou poidan influír no resultado dun procedemento de contratación pública, teñan, directa ou indirectamente, un interese financeiro, económico ou persoal que puidese parecer que compromete a súa imparcialidade e independencia no contexto do procedemento de contratación. Para as licitadoras e adxudicatarias, supón garantir a integridade na contratación co FGCS, garantindo a eficiencia no uso dos recursos de acordo coas necesidades reais do FGCS e mais a garantía do interese xeral.
2. Como **principios legais**, os contratos aos que resulten de aplicación os procedementos descritos no presente documento rexeranse polos **principios contidos no artigo 1.1 LCSP**, quedando a contratación sometida, en todo caso, aos **principios de liberdade de acceso ás licitacións, publicidade e transparencia dos procedementos, e non discriminación e igualdade de trato entre licitadoras**; e de asegurar, en conexión co obxectivo de estabilidade orzamentaria

e control do gasto, o principio de integridade, unha eficiente utilización dos fondos destinados á realización de obras, a adquisición de bens e a contratación de servizos mediante a esixencia da definición previa das necesidades a satisfacer, a salvagarda da libre competencia e a selección da oferta economicamente máis vantaxosa.

Asemade, para o FGCS, polos seus fins, misión e valores, é de especial importancia incorporar de maneira transversal e preceptiva **criterios sociais e ambientais** sempre que garden relación co obxecto do contrato, na convicción de que a súa inclusión proporciona una mellor relación calidade-prezo na prestación contractual, así como unha maior e mellor eficiencia na utilización dos fondos públicos. Igualmente, facilitará o **acceso á contratación pública das pequenas e medianas empresas, así como das empresas de economía social**, de acordo co **artigo 1.3 LCSP**.

3. O FGCS garantirá a aplicación práctica destes principios coa aplicación das seguintes directrices de actuación:

O **principio de publicidade** entenderase cumprido mediante a aplicación, en beneficio de toda licitadora, de medios de difusión ou divulgación axeitados e suficientemente accesibles, que proporcionen información contractual do FGCS e que permitan abrir o mercado á competencia.

O **principio de transparencia** entenderase cumprido mediante a difusión ou divulgación, antes da adxudicación do correspondente contrato, dunha información axeitada que permita que toda licitadora estea en condicións de manifestar o seu interese por participar na licitación, e que todas as licitadoras poidan coñecer previamente as normas aplicables ao contrato que se pretende adxudicar, así como ter a certeza de que se aplican de igual forma a todas. Asemade, adoptaranse as medidas necesarias que faciliten o acceso e participación de potenciais licitadoras, co obxecto de adxudicar o contrato á oferta con mellor relación calidade-prezo ou de menor custo, segundo se estableza nos criterios de adxudicación.

Para garantir o **principio de igualdade e non discriminación** adoptaranse as medidas necesarias que garantan a imparcialidade e equidade dos procedementos e abranguerán, cando menos, as seguintes medidas:

- O obxecto dos contratos describirase sempre de forma non discriminatoria, sen facer referencia a unha fabricación ou procedencia determinada, nin a produtos particulares nin referirse a unha marca, patente, tipo, orixe ou produción determinados, agás que unha referencia desa caste se xustificase axeitadamente e fose xunto coa mención “ou equivalente”.
- Non se imporá ningunha condición que supoña una discriminación directa ou indirecta fronte a potenciais licitadoras.
- Respetarase o disposto na LCSP en canto ás etiquetas e/ou normas nacionais ou europeas de referencia.
- Os prazos concedidos para mostrar interese ou presentar una oferta serán axeitados para permitir ás licitadoras unha avaliación axeitada e presentar una oferta.
- FGCS garantirá que todas dispoñen da mesma información sobre o contrato en idénticas condicións.

O **resto de principios** serán garantidos polas medidas específicas de cada procedemento de contratación ou polas medidas organizativas xerais do FGCS.

4. Obxecto

Este documento interno ten por obxecto regular as condicións e os **procedementos de contratación do FGCS**, coa finalidade de garantir a efectividade dos contidos legais e principios detallados nos seus tres puntos anteriores.

Para efectos deste documento interno entenderase por contratación o conxunto de actuacións dende o acordo de inicio do procedemento de contratación pública, xunto cos seus documentos complementarios, ata a adxudicación definitiva e formalización do contrato, e mesmo a execución deste.

5. Ámbito de aplicación: negocios e contratos incluídos e excluídos

Este documento interno será de aplicación aos **contratos onerosos**, calquera que fose a súa natureza xurídica, que celebre o FGCS e entre dentro do ámbito da LCSP.

Quedan **excluídos** os contratos que non se atopen suxeitos á regulación harmonizada de conformidade cos **artigos 19 e ss. LCSP** e mais os negocios e contratos previstos nos **artigos 5 a 11 LCSP**:

- Negocios xurídicos e contratos excluídos no ámbito da defensa e da seguridade.
- Convenios e encomendas de xestión.
- Negocios xurídicos e contratos excluídos no ámbito internacional¹.
- Negocios e contratos excluídos no ámbito da investigación, o desenvolvemento e a innovación.
- Relacións xurídicas, negocios e contratos excluídos no ámbito do dominio público e no ámbito patrimonial.
- Negocios e contratos excluídos no ámbito financeiro.
- Outros negocios ou contratos excluídos.

6. Tipos de contratos

Os contratos de obras, concesión de obras, concesión de servizos, subministración e servizos que celebre o FGCS cualificaranse de acordo coas normas contidas na LCSP, conforme prevé o

¹ Entre eles, pode ser de especial interese para o FGCS ter en conta que o artigo 11 prevé que:

“2. Estarán tamén excluídos do ámbito da presente Lei os contratos que deban adxudicarse de conformidade cun **procedemento de contratación específico que fora establecido en virtude dun instrumento xurídico, celebrado de conformidade co Tratado de Funcionamento da Unión Europea cun ou varios Estados non signatarios deste último**, que cree **obrigas de dereito internacional** relativo ás obras, subministracións ou servizos que resulten necesarios para a execución ou a realización conxunta dun proxecto polos seus signatarios.

3. Así mesmo, quedarán excluídos do ámbito da presente Lei os contratos que deban adxudicarse de conformidade cun procedemento de contratación específico que fora establecido en virtude das **normas de contratación aprobadas por unha organización internacional ou por unha institución financeira internacional**, a condición de que estean financiados íntegra ou maioritariamente por esa institución”.

artigo 11 LCSP e de acordo coas definicións dos **artigos 12 e ss. LCSP** e salientándose de maneira específica para este documento, por seren os previsiblemente máis cotiás no FGCS:

1. **Contrato de obras:** aqueles que teñen por obxecto un dos seguintes:

- A execución dunha obra, illada ou conxuntamente coa redacción do proxecto, ou a realización dalgún dos traballos enumerados no Anexo I LCSP.
- A realización, por calquera medio, dunha obra que cumpra os requisitos fixados polo FGCS que exerza una influencia decisiva no tipo ou o proxecto da obra.

2. **Contratos de subministración:** os que teñen por obxecto a adquisición, o arrendamento financeiro, ou o arrendamento, con ou sen opción de compra, de produtos ou bens mobles. Non teñen esta consideración os contratos relativos a propiedades incorporais ou valores negociables. Para todo caso, consideraranse contratos de subministración os previstos no **artigo 16 LCSP**.

3. **Contratos de servizos:** aqueles cuxo obxecto son prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou subministración, incluíndo aqueles en que a adxudicataria se obrigue a executar o servizo de forma sucesiva e por prezo unitario.

4. **Contratos mixtos:** entenderase por contrato mixto aquel que conteña prestacións correspondentes a outro ou outros de distinta clase, pero só poderán fusionarse prestacións correspondentes a diferentes contratos nun contrato mixto cando esas prestacións se atopen directamente vencelladas entre elas e manteñan relacións de complementariedade que esixan a súa consideración e tratamento como unha unidade funcional dirixida á satisfacción dunha determinada necesidade ou á consecución dun fin institucional propio do FGCS.

7. Configuración xeral da contratación do FGCS e elementos estruturais dos contratos.

7.1. Necesidade e idoneidade do contrato

O FGCS só poderá celebrar aqueles contratos que sexan necesarios para o cumprimento e realización dos seus **fins institucionais**.

Para ese efecto, a natureza e extensión das **necesidades** que se pretenden encher mediante o contrato proxectado, así como a idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas, deben ser determinadas con precisión, deixando constancia diso na documentación preparatoria, antes de iniciar o procedemento encamiñado á súa adxudicación, nos termos detallados no apartado do expediente de contratación deste documento interno.

7.2. Duración dos contratos

Establecerase a duración dos contratos tendo en conta a natureza das prestacións, características do seu financiamento e necesidade de someter periodicamente a concorrencia a

realización das mesmas, sen prexuízo de normas especiais aplicables a determinados contratos, e aplicándose en xeral o previsto no **artigo 29 LCSP**.

7.3. Órganos de contratación

Os órganos de contratación do FGCS determinaranse en cada caso de acordo co previsto nos **estatutos** vixentes en cada momento e demais disposicións aplicables ao FGCS, sen prexuízo das **delegacións ou apoderamentos** que poidan outorgarse a outros órganos ou persoas.

Sen prexuízo do anterior, o **órgano de contratación** será con carácter xeral, en función do valor estimado do respectivo contrato, o seguinte:

- Xerencia do FGCS, por contratacións con valor estimado inferior ou igual a mil cincocentos euros (1.500 €).
- Comisión Executiva do FGCS, por contratacións con valor estimado superior a mil cincocentos euros (1.500 €).
- Excepcionalmente, para supostos de **urxencia ou emerxencia** debidamente xustificadas, a Presidencia do FGCS poderá actuar como órgano de contratación para contratacións con valor estimado superior a mil cincocentos euros (1.500 €) e inferiores a quince mil euros (15.000 €), debendo dar conta inmediatamente na seguinte xuntanza da Comisión Executiva, e tendo en conta as seguintes definicións:
 - a) **Urxeencia:** Contratos cuxa celebración responda a unha necesidade inaprazable ou cuxa adxudicación sexa preciso acelerar por razóns de interese público. A tramitación en casos de urxeencia implicará a redución de prazos de presentación de ofertas ou dos requisitos de publicidade establecidos con carácter xeral, podendo tamén acordarse a execución do contrato aínda que aínda non se formalizara. Os supostos de urxeencia e os seus efectos serán valorados en cada caso polo órgano de contratación, de conformidade co previsto no **artigo 119 LCSP**.
 - b) **Emerxeencia:** Cando sexa necesario actuar de maneira inmediata por mor de acontecementos catastróficos, de situacións que supoñan grave perigo ou de necesidades que afecten á defensa nacional, de acordo coa definición do **artigo 120 LCSP**.

VALOR ESTIMADO	ÓRGANO
≤ 1.500 €	Xerencia FGCS
> 1.500 € e < 15.000 €	<ul style="list-style-type: none"> • Ordinario: Comisión Executiva FGCS • Excepcional (emerxeencia ou urxeencia): Presidencia FGCS
≥ 15.000 €	Comisión Executiva FGCS

O **valor estimado** de cada contrato será determinado como prevé o **artigo 101 LCSP** e, en particular, para os contratos de obras, subministracións e servizos, tomarase o importe total pagadeiro segundo as súas estimacións, sen incluír o Imposto sobre o Valor Engadido, calculado de acordo coas regras do citado artigo.

O órgano de contratación poderá estar **asistido e asesorado tecnicamente** polos órganos e profesionais que estime necesarios en cada contratación concreta, preferentemente o persoal técnico do FGCS. De non indicarse nada nas condicións concretas da licitación, este órgano de contratación resolverá as dúbidas das licitadoras, recibirá as proposicións, cualificaráas, efectuará a avaliación das propostas e elevará ao órgano de contratación a proposta motivada de adxudicación, con posibilidade de solicitar os informes técnicos pertinentes para avaliar as ofertas presentadas.

7.4. Capacidade e aptitude para contratar co FGCS

Serán de aplicación os requisitos de capacidade e solvencia regulados nos **artigos 65 a 97 LCSP**, de maneira que:

- **Só poderán contratar** co FGCS as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas nalgunha prohibición de contratar, e acrediten a súa solvencia económica e financeira e técnica ou profesional ou, nos casos en que así o esixa esta Lei, se atopen debidamente clasificadas, nas demais condicións descritas no **artigo 65 e ss. LCSP**.
- **Non poderán contratar** co FGCS, cos efectos establecidos no **artigo 73 LCSP**, as persoas en quen conorra algunha das circunstancias previstas no **artigo 71 LCSP**.
- Finalmente, deberán acreditar as **condicións mínimas de solvencia económica e financeira e profesional ou técnica** que se determinen en cada caso polo FGCS tendo en conta os criterios previstos polos **artigos 86 e ss. LCSP**.

Para acreditar o cumprimento destes requisitos de capacidade e aptitude será requisito de obrigado cumprimento a presentación das correspondentes **declaracións responsables** xunto ou previamente á proposta da licitadora, sen prexuízo de achegar no seu momento a correspondente documentación acreditativa do declarado responsablemente.

7.5. Obxecto, orzamento, base de licitación, valor estimado, prezo do contrato e a súa revisión

Serán de aplicación os requisitos de obxecto, orzamento base de licitación, valor estimado, prezo do contrato e revisión dos **artigos 99 a 105 LCSP**.

Con carácter xeral non se aplica a revisión de prezos, salvo que o prego de condicións particulares así o prevexa e con aplicación do establecido nos **artigos 103 a 105 LCSP**.

7.6. Garantía

De conformidade co previsto no **artigo 114 LCSP**, a esixencia de garantía, tanto provisoria como definitiva, é potestativa, de maneira que o FGCS esixiraa nunha ou noutra contía, ou mesmo non a esixirá, decidindo en función da análise previa en canto ao obxecto, importe e potenciais riscos ou o impacto que puidesen xerar incidencias na súa execución.

8. Disposicións xerais da contratación do FGCS

8.1. Expediente de contratación

Conforma un expediente de contratación do FGCS o conxunto de actuacións e documentos que se xeran ao longo do proceso de contratación que quedan numerados e arquivados (en papel ou soporte electrónico) en función das características do contrato e mais do seu importe.

A celebración de contratos por parte do FGCS requirirá a **previa tramitación do correspondente expediente**, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a **necesidade do contrato**, incluíndo nel que non se ten fraccionado coa finalidade de diminuír a contía do mesmo e eludir así os requisitos de publicidade ou os relativos ao procedemento de adjudicación que correspondan, e que deberá ser publicado no perfil de contratante.

Naqueles contratos cuxa execución requira da **cesión de datos persoais** por parte do FGCS á adjudicataria, o órgano de contratación deberá especificar no expediente de contratación cal será a finalidade do tratamento dos datos que vaian ser cedidos.

Ao expediente incorporaranse:

- ou ben un **documento de especificacións do contrato**,
- ou ben o **prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas** que rexerán o contrato, se fose o caso por razón do procedemento de adjudicación elixido.

Deberá incorporarse ao expediente documento expedido polo órgano competente indicando a **existencia de crédito ou financiación de abondo** para cada contrato.

No expediente, xustificárase adecuadamente:

- a) A elección do procedemento de licitación.
- b) A clasificación que se esixa aos participantes.
- c) Os criterios de solvencia técnica ou profesional, e económica e financeira, e os criterios que se terán en consideración para adjudicar o contrato, así como as súas condicións especiais de execución.
- d) O valor estimado do contrato cunha indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo sempre os custos laborais se existisen.
- e) A necesidade do FGCS á que se pretende dar satisfacción mediante a contratación das prestacións correspondentes e a súa relación co obxecto do contrato, que deberá ser directa, clara e proporcional.
- f) Nos contratos de servizos, o **Informe de Insuficiencia de Medios**.
- g) A decisión de non dividir en lotes o obxecto do contrato, no seu caso.

Completado o expediente de contratación, ditarase **resolución** motivada polo órgano de contratación aprobándoo e dispoño a apertura do procedemento de adjudicación correspondente.

8.2 Pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas

Con carácter xeral, toda petición de contratación debe estar documentada nos seguintes termos:

- Nos **contratos de valor estimado inferior a quince mil euros (15.000 €)** deberá redactarse un **documento de especificacións do contrato**, no que se establezan as condicións técnicas e xurídicas aplicables, sendo ese documento parte integrante do contrato, sen prexuízo de que por razón das especificidades técnicas de cada contrato poida existir ademais un proxecto técnico ou outra documentación anexa.
- Nos **contratos de valor estimado igual ou superior a quince mil (15.000 €)** deberá existir para todo caso:
 - Un prego de condicións particulares (PCP) que estableza as cláusulas aplicables ao contrato, sen prexuízo de que por razón das especificidades técnicas de cada contrato poida existir ademais outra documentación anexa.
 - Un prego de condicións técnicas (PCT), sen prexuízo de que por razón das especificidades técnicas de cada contrato poida existir ademais un proxecto técnico ou outra documentación anexa.

VALOR ESTIMADO	DOCUMENTO DE CONDICIÓN DO CONTRATO
< 15.000 €	Documento de especificacións
≥ 15.000 €	PCP e PCT

Os PCP e PCT serán elaborados seguindo os criterios dos **artigos 121 a 130 LCSP** polo persoal técnico do FGCS, que poderá contar con asesoramento externo se fose mester. Deberán ser aprobados polo órgano de contratación e darase conta deles á Comisión Executiva do FGCS.

O PCP e o PCT deberán incluír os criterios e contidos que garantan os **principios** recollidos neste documento interno, que irán nun documento ou no outro, ou mesmo en ambos os dous, en función do tipo de contrato e do procedemento de adxudicación.

8.3 Procedementos de adxudicación

A adxudicación dos contratos levarase a cabo de maneira ordinaria por algún dos seguintes procedementos:

- a) Aberto simplificado.
- b) Adxudicación directa.

a) Aberto simplificado

Será de aplicación con carácter xeral para a tramitación de todos os contratos do FGCS que estean dentro do ámbito de aplicación deste documento interno e teñan un valor estimado:

- maior ou igual a corenta mil (40.000 €), cando se trate de contratos de obras, ou

- maior ou igual a quince mil (15.000 €), cando se trate de contratos de subministración ou de servizos

e seguirá o trámite previsto no artigo 159 LCSP.

b) Adxudicación directa

Será de aplicación con carácter xeral para a tramitación de todos os contratos do FGCS que estean dentro do ámbito de aplicación deste documento interno e teñan un valor estimado igual ou superior aos indicados no punto anterior e seguirá o previsto no artigo 318.a LCSP, cos seguintes trámites:

1. Informe de necesidade e non fraccionamento.
2. Documento acreditativo de existencia de crédito ou financiamento de abondo.
3. Informe de insuficiencia de medios, se fose o caso.
4. Documento de especificacións do contrato e anexos, se fose o caso.
5. Resolución aprobando os documentos anteriores e o inicio do procedemento de contratación.
6. Solicitud dun mínimo de tres (3) ofertas por medio de correo electrónico, se ben, excepcionalmente, non será necesaria a petición dun mínimo de tres (3) ofertas nos seguintes supostos:
 - razóns de exclusividade ou existencia dun único provedor capacitado
 - contratacións de emerxencia ou urxencia
 - **contratacións de contía non superior a mil cincocentos euros (1.500 €)**
 - calquera outra causa debidamente motivada e que non vulnere os principios da contratación.

Esta excepcionalidade debe acreditarse debidamente na proposta de contratación ou no informe incoado ao efecto, xustificando con motivación detallada e expresa de que maneira a petición de ofertas dificulta, impide ou supón un obstáculo para cubrir as necesidades que en cada caso motiven o contrato.

7. Avaliación das ofertas incluíndo, se fose o caso, informe técnico.
8. Resolución de adxudicación, mediante resolución motivada, a favor da oferta máis vantaxosa en función dos criterios de valoración que se estableceron no expediente de contratación.
9. Requirimento de documentación á adxudicataria e sinatura de contrato e, se fose o caso, documentación complementaria (protección de datos persoais ou outra).
10. Acta de recepción da obra, subministro ou servizo a conformidade do FGCS.
11. Factura, xustificante de pagamento e resolución de peche do expediente de contratación.

VALOR ESTIMADO	PROCEDEMENTO
≥ 40.000 € obras	Aberto simplificado art. 159 LCSP
≥ 15.000 € subministracións e servizos	Aberto simplificado art. 159 LCSP

< 40.000 € e > 1.500 € obras	Adxudicación directa art. 318.a LCSP (mínimo 3 ofertas)
< 15.000 € e > 1.500 € subministracións e servizos	Adxudicación directa art. 318.a LCSP (mínimo 3 ofertas)
≤ 1.500 € obras, subministracións e servizos	Adxudicación directa art. 318.a LCSP (mínimo 1 oferta)

c) Normas comúns a ambos os dous procedementos

1. En relación coa **publicidade**, o órgano de contratación, cando así o estime oportuno, poderá ordenar a publicación da información relativa á licitación por calquera outro medio que estime oportuno, e os **contratos menores** serán obxecto de publicación nas condicións establecidas no **artigo 63.4 LCSP**.

2. En relación coa **igualdade**, as licitadoras deberán ter acceso a idéntica documentación e poderán presentar as súas proposicións en igualdade de condicións e nun prazo razoable en función do obxecto e características do contrato; e cada licitadora non poderá presentar máis dunha proposición, sen prexuízo daqueles casos nos que nas condicións de contratación se admita a presentación de variantes ou distintas solucións alternativas nos termos definidos nesas condicións; e, especificamente, deberá efectuarse a tramitación tendo en conta **criterios de accesibilidade universal e de deseño universal ou deseño para todas as persoas**, tal e como son definidos estes termos no Real Decreto Lexislativo 1/2013, de 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.

3. En relación coa **confidencialidade**, o FGCS gardará o debido segredo e confidencialidade das proposicións presentadas ata o momento da súa apertura.

4. En relación coa **eficiencia**, en función da complexidade do obxecto da contratación poderase **unificar nun único documento o PCP e o PCT** e, asemade, poderán **adoptarse acordos mediante votación por escrito e sen sesión** por parte dos órganos colexiados, tanto do órgano de contratación como, se fose o caso, do órgano asesor, sempre que o decida a Presidencia do órgano de contratación ou o soliciten, cando menos, dous membros do órgano. A sesión entenderase celebrada no domicilio social. Para tal efecto, a Secretaría do órgano de contratación deixará constancia en acta dos acordos adoptados, expresando o nome de cada membro do órgano de contratación e o sistema seguido para formar a vontade do órgano (correo electrónico ou votación por medio de sistema informático específico), con indicación do voto emitido por cada persoa. Neste caso, considerarase que os acordos foron adoptados no lugar do domicilio social e na data de recepción do último dos votos emitidos. O voto por correo ou a distancia deberá remitirse dentro do prazo indicado na convocatoria, carecendo de valor para o caso contrario.

5. Para a **valoración** das proposicións e a determinación da oferta de menor relación calidade/prezo atenderase a criterios directamente vinculados ao obxecto do contrato, tales como a calidade, os custos, as características ambientais ou vinculadas coa satisfacción de esixencias sociais ou laborais que respondan as necesidades establecidas. Cando se utilice só un criterio de adxudicación, este será necesariamente o do menor custo. **Na medida na cal resulte**

posible en función do obxecto do contrato, introducíranse nas condicións a esixir ás licitadoras as seguintes:

- Contar no cadro de persoal directamente relacionado cos servizos obxecto do contrato con persoas en situación ou risco de exclusión social.
- Usar o galego na presentación da proposta e na execución de todos os servizos obxecto do contrato.
- Empregar materiais con baixo impacto ambiental.
- Respetar os códigos deontolóxicos relacionados coa cooperación ao desenvolvemento.

6. A adxudicación do contrato acordarase polo órgano de contratación mediante **resolución motivada** a favor da oferta máis vantaxosa en función dos criterios de valoración que se estableceron no expediente de contratación, sen que iso signifique atender exclusivamente ao menor prezo.

7. A adxudicación poderá declararse **deserta** cando non se presentaron ofertas ou non exista ningunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios fixados para a contratación. Para o caso de que a licitación quede deserta, tramitarase un procedemento negociado segundo o establecido no artigo 168 LCSP, ou ben se tramitará un novo procedemento con revisión dos requisitos establecidos, as necesidades, o disposto no prego de condicións técnicas e a situación do mercado, para a preparación dunha nova licitación se se mantivese a necesidade que a orixinou.

8. O órgano de contratación **comunicará a adxudicación persoalmente** á adxudicataria e ao resto de licitadoras no domicilio ou enderezo de correo electrónico.

9. O **contrato** incluírá o contido mínimo previsto polo **artigo 35 LCSP** máis todas aquelas condicións específicas decididas polo FGCS, co límite de que non poderá incluír estipulacións que establezan dereitos ou obrigas distintas do previsto nos pregos, concretados, no seu caso, na forma que resulte da proposición da adxudicataria, ou dos precisados no acto de adxudicación do contrato de acordo co actuado no procedemento, de non existir aqueles.

10. A **suspensión e extinción** dos contratos rexerese polo previsto nos **artigos 208 e ss. LCSP**, e a non ser que as condicións de cada licitación expresen outra cousa, serán causas de resolución dos contratos as sinaladas no artigo 211 LCSP, e en relación ao disposto neste será de aplicación o establecido nos artigos 1.124, 1.255, 1.257, do Código Civil, 158 e 165 do Real Decreto Legislativo 1/2020, de 5 de maio, polo que se aproba o texto refundido da Lei Concursal, e 204, 205 e 319.2 LCSP.

11. Os **prazos** establecidos por días entenderanse referidos a días naturais, salvo que se indique expresamente que só deben computarse os días hábiles. Se o último día do prazo fóra inhábil administrativamente, este entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.

12. O **emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos** axustarase ás normas previstas na **Disposición Adicional Decimosexta LCSP**. As aperturas das ofertas económicas serán públicas, para o que se publicará a información do lugar, data e hora, e poderán realizarse online, proporcionando unha ligazón ao enderezo web onde se poida visualizar a gravación ou un sistema alternativo, e ben en directo ou ben en diferido.

13. Os procedementos deberán respectar en todo caso os **requisitos específicos previstos** polas entidades que provean de financiamento aos contratos do FGCS, nomeadamente a Guía Práctica de “Contratos y subvenciones para las acciones exteriores de la Unión Europea”, aplicable a partir do 15 de xullo de 2019, en particular as referidas ás cláusulas deontolóxicas e á estratexia de loita contra a fraude².

9. Control da contratación

Deberase garantir polo FGCS, de acordo cos procedementos internos que se establezan para tal efecto, que os procedementos de contratación e a súa instrumentación se axustan ao disposto neste documento interno.

Do mesmo xeito, deberase custodiar adecuadamente, de acordo co procedemento interno que corresponda, o expediente de contratación completo, incluíndose no mesmo o orixinal do contrato e en xeral cantos documentos sexan precisos para xustificar a avaliación e adjudicación, vixencia e calquera situación contractual que fose necesaria, como as posibles modificacións, prórrogas ou variacións dos contratos.

Santiago de Compostela, a 31 de marzo de 2021.

² Nesta guía en concreto permítese para contratos de servizos ≤ 20.000 € unha única oferta e un pagamento mediante factura sen aceptación previa da oferta se o gasto é ≤ 2.500 €, compatible polo tanto cos procedementos xerais deste documento interno.